School to School

Deportes e xogos na India

O programa School to School propón un achegamento cultural á India a través de material didáctico e do intercambio de materiais entre unha escola de primaria de España e unha escola de reforzo da Fundación Vicente Ferrer da India do mesmo nivel. Nestas escolas, nenos e nenas das comunidades máis desfavorecidas van antes e despois da escola pública para ter apoio e reforzo escolar que garantan bos resultados académicos.

A través deste intercambio, o programa busca que os nenos e nenas coñezan realidades diferentes á súa, tomen conciencia das desigualdades e aprendan valores de solidariedade, xustiza social e corresponsabilidade ante as problemáticas sociais e ambientais globais. Valores que recolle a Axenda 2030 e os **17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS).**

A partir da realidade da India na que traballa a Fundación Vicente Ferrer pretendemos fomentar a reflexión crítica, a empatía, a creatividade, a comunicación intercultural, o traballo en equipo, a tolerancia e o respecto, así como dar valor á riqueza das diferenzas. Ademais, o alumnado desenvolverá competencias sociais e cívicas, consciencia e expresións culturais e comunicación lingüística. Propoñemos unha metodoloxía participativa e activa, poñendo o estudante no centro da aprendizaxe.

Contidos do tema

Neste tema, "Deportes e xogos", coñeceremos os deportes e xogos máis populares da India. Tamén veremos o seu poder transformador e o papel tan importante que pode xogar para a integración e a transformación social. Para iso, abordaremos aspectos como:

- O dereito ao xogo e os valores do deporte.
- Deportes populares na India.
- Xogos de mesa da India.
- Xogos para a hora do recreo na India rural.
- O poder transformador do deporte.

Para expor este tema á clase, o profesorado conta con **diferentes vídeos**. As **actividades** propostas son voluntarias e o profesorado deberá adaptalas ao nivel do alumnado. O obxectivo é traballar e reflexionar sobre os aspectos tratados, á vez que se prepara o material para enviar á escola de reforzo da Fundación Vicente Ferrer coa que se fai o intercambio.

Vínculo co currículo académico

"Deportes e xogos" pode traballarse nas horas adicadas a coñecemento do medio, xa que o alumnado terá a posibilidade de comparar a propia realidade coa da India. Tamén pode integrarse na materia de inglés, dado que é preferible que o material que se envíe ás escolas da India estea feito neste idioma. Algunhas das actividades poden facerse durante a hora de educación física, ciencias sociais, educación artística e valores sociais e cívicos.

Obxectivos de Desenvolvemento Sostible vinculados

De forma transversal, neste tema traballaremos os seguintes Obxectivos de Desenvolvemento Sostible: Fin da pobreza (ODS 1), Saúde e benestar (ODS 3), Educación de calidade (ODS 4), Igualdade de xénero (ODS 5), Redución das desigualdades (ODS 10).

A Fundación Vicente Ferrer dispón de vídeos e guías didácticas para traballar os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible na aula dispoñibles aquí: **https://fvf-manabadi.org/es/ods**

Obxectivos coeducativos do tema

Recomendamos que o profesorado lea a **guía coeducativa** que propoñemos para afondar e coñecer mellor en que consiste a coeducación e a importancia de educar desde a perspectiva de xénero.

A través do tema que estamos a traballar queremos transmitir que:

- Os estereotipos tradicionalmente vinculados coa feminidade (pasividade, sensibilidade, submisión) e a masculinidade (actividade, dureza, agresividade) seguen estando vixentes en certa medida e influenciaron o ámbito do deporte.

- A identidade de xénero confórmase socialmente aprendendo pautas de comportamento desde que nacemos ("xogar con bonecas é de nenas e xogar con coches é de nenos"). Non é de estrañar que as mulleres prefiran de forma maioritaria actividades que estean aliñadas co modelo feminino socialmente aceptado e persoalmente interiorizado, como a danza, e que non practiquen tanto outros deportes como o boxeo, o rugby ou o fútbol.

- É importante animar as nenas a probar deportes estereotipicamente masculinos e aos nenos a probar deportes estereotipicamente femininos. Facer exercicio non ten xénero nin sexo e ningún deporte debería asociarse a ningún sexo en concreto.

- É importante ensinar referentes de deportistas que destacaron neses deportes que rompen os roles tradicionais.

- Prácticas como o fútbol non son un mal deporte en si mesmas, pero si o é a maneira na que moitas persoas verten nel a súa masculinidade, a forma na que ocupa moito máis espazo que calquera actividade e na que se lle dá máis importancia na contorna social.

Información complementaria

Para saber como e cando hai que facer o intercambio coa escola da India podedes consultar o calendario e etapas do programa School to School dispoñible aquí: **https://schooltoschool.es**

O programa pode complementarse con outros recursos educativos dispoñibles na web de recursos educativos da Fundación Vicente Ferrer, Manabadi: **https://fvf-manabadi.org/**

Animámosvos tamén a impulsar iniciativas solidarias como esta:
https://fundacionvicenteferrer.org/es/escuelas-solidarias

«Esta publicación foi realizada co apoio financeiro da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID) con cargo ao proxecto "Un mundo, 17 retos. Achegando a Axenda 2030 e os ODS á comunidade educativa". O seu contido é responsabilidade exclusiva da Fundación Vicente Ferrer e non reflexa necesariamente a opinión da AECID».

VicenteFerrer Transforma la sociedad en humanidad
Gobierno de España · Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea y Cooperación · Cooperación Española